coop57 SCCL
servizos financeiros éticos e solidarios

boletín informativo 40
primeiro semestre 2021

(Re) xenera ción

editorial

Parece que a Covid-19 pouco a pouco deixa de ocupalo todo. Levantamos a cabeza, miramos adiante. Neste escenario postpandémico, un elemento na axenda macroeconómica estase vendendo como a solución a todos os males: os fondos *Next Generation*.

Un acordo do Consello Europeo para mobilizar 750.000 millóns de euros, financiados mediante a emisión de débeda comunitaria orientados ao que se denominou "transición ecolóxica" e "dixitalización". Ao Estado español correspóndelle unha cifra sen precedentes: 140.000 millóns de euros, dos que 72.000 millóns son subvencións a fondo perdido e o resto créditos.

"Financiados mediante a emisión de débeda" significa que o diñeiro o achegan uns mercados desexosos de valores refuxio. E quen se endebeda son os países europeos que facilmente poderían acordar que este sobreendebedamento fose acompañado dunha nova vaga de austeridade nun futuro non moi afastado. Como, por exemplo, axustes no gasto público ou reformas no mercado laboral e nas pensións.

De momento, parece que estes recursos públicos se orientan, maioritariamente, cara ás grandes corporacións, deixando o pequeno tecido produtivo á marxe. Que a "gran transición económica" se materialice transferindo diñeiro público ao sector privado para aumentar os beneficios de xigantes empresariais que vulneran dereitos laborais, sociais e medioambientais **non supón ningunha transición senón perpetuar un sistema desigual que segue cavando o mesmo pozo.**

Vólvese debuxar o ciclo completo de traspaso de diñeiro público cara ao sector privado. Por un lado, os mercados colocaron 750.000 millóns de euros en valores seguros e, por outro, as grandes corporacións verán fortemente subvencionados os seus investimentos. **Uns financian, uns reciben e, mentres tanto, a débeda fica para o sector público.**

De novo, as palabras perden o seu significado. **Fálase de "transición ecolóxica" e "dixitalización", pero en realidade perpetúase o dogma do crecemento económico infinito, baixo o paraugas do "capitalismo verde".** Igualmente insustentábel se o que implica é aumentar o consumo enerxético e material nun planeta finito.

Á vez, a dixitalización non significará reducir o uso de materias primas. Máis ben ao contrario: fabricar toda a electrónica implica unha industria extractiva de cobalto, níquel, litio... **A súa extracción vai da man de prácticas violentas e coloniais, causando precariedade laboral, desprazamentos forzados e violencia nos países do Sur Global.** Ademais, unha conectividade permanente require dunha grande infraestrutura tecnolóxica. Non hai un cuestionamento de base sobre a sociedade de consumo e do uso de materias primas.

A pandemia evidenciou aquilo realmente esencial pola sustentabilidade da vida. Desde a economía solidaria hai tempo que imaxinamos que modelo queremos construír. Imaxinar como pode convivir unha economía democrática e solidaria cun sector público forte. Para xerar unha transición enerxética da man dunha concienciación no consumo. Para garantir unha dixitalización que promova a inclusión e a conciliación, desde unha comercialización xusta e de acceso universal.

Se queremos facer sustentábel a vida e construír un sistema económico socialmente xusto, equitativo e que incorpore a mirada feminista antirracista, hai que cambiar as bases da xeración de riqueza e do seu reparto. O cooperativismo pode ofrecer resposta na creación de iniciativas que loitan contra a explotación a precariedade laboral, así como respostas no ámbito do consumo colectivo e os servizos.

Tamén, proxectos de servizos comunitarios para a inclusión sociolaboral de persoas e colectivos expostos a situacións de vulnerabilidade. Fortalecer iniciativas que democraticen o modelo enerxético desde fórmulas colectivas e eficientes. Estender un modelo de acceso á vivenda baseada no seu valor de uso e non na especulación do mercado. Sumar iniciativas agroecolóxicas transformadoras que devolvan a vitalidade ao mundo rural. Entre moitas outras. **E, por suposto, unhas finanzas éticas que ofrezan respostas axeitadas ás necesidades cambiantes dunha economía social, solidaria e transformadora.**

Da pandemia aprendemos que, cando se deixa respirar a Terra, esta ten unha capacidade extraordinaria e xenerosa de rexeneración. **Aprendamos a pertencer ao planeta e a deixar de pensar que o planeta nos pertence.**

Coop57 e o mundo rural: unha relación fértil

Coop57 quere cumprir a súa tarefa conxugando aspectos económicos e sociais que se traduzan en resultados prácticos e reais. No sector primario, faino valorando a necesidade de desenvolver un ámbito económico clave por unha sociedade equilibrada e xusta. Onde a soberanía alimentar colla a centralidade e o protagonismo que se merece.

Seguindo os principios da economía social e solidaria (ESS), Coop57 fixo unha aposta especial para apoiar o sector primario, achegar solucións prácticas e promover os ámbitos da alimentación, a agricultura, a gandaría e a comercialización xusta.

Coop57 dá moito valor a un sector que é imprescindíbel para a sustentabilidade da vida e para ter un territorio vivo, vertebrado e protexido. Que potencie relacións xustas entre produtoras e consumidoras e que o faga de maneira sustentábel, respectuosa, arraigada no territorio e cunha mirada ampla, que constrúa alternativas a un sistema depredador que todo o mercantiliza.

Por iso, tal como defende a ESS, desde Coop57 trabállase para construír no sector primario unha economía de base democrática e local, que poña as persoas no centro, e onde os bens e servizos producidos se orienten á satisfacción das necesidades esenciais.

Escola de Pastors de Catalunya

O movemento agroecolóxico e a ESS

Ultimamente, o movemento agroecolóxico ocupa a axenda social e da ESS. A pandemia da Covid-19 puxo de manifesto algo paradoxicamente esquecido: a alimentación básica e fundamental para a vida, a pesar de que o sistema capitalista se empeñe en mercantilizala e imposibilite o acceso para aquelas persoas ou territorios máis vulnerabilizados.

A raíz da crise sanitaria e social, puxéronse en marcha varios proxectos de solidariedade para mellorar o acceso. Por natureza e definición, a ESS e as súas prácticas combaten e crean alternativas ao capitalismo. Non é estraño, pois, que o agroecoloxismo e a ESS traballen man a man.

Isto pasa nun momento en que se podería pensar que a chamada "burbulla da ESS" segue inchada. Hai que estar atentas para que non absorba o movemento e a loita agroecolóxicas: hai que preservar a autonomía e campos de acción. En sentido amplo, ambos movementos poden ser vítimas deles mesmos por un anhelo de posicionamento social: hoxe, ser agroecolóxico e da ESS achega valor, estatus social, posibilidade de mobilizar recursos e tamén valor mercantil.

Entre todas as opcións, pode encontrarse unha con base, principalmente, na motivación individual ou gremial, pero non sempre necesariamente territorial. É un exemplo a visión hedonista da alimentación agroecolóxica, que se pode basear no culto ao corpo propio e á saúde propia, más alá do compromiso e a solidariedade reais.

Aparece, así, o risco de caer na vella trampa capitalista: xerar demanda e novos valores susceptíbeis de ser mercantilizados. Son exemplo varios procesos de xentrificación de proxectos que ofrecen alimentos saudábeis, «eco» e de «quilómetro cero».

O consumo consciente e crítico de alimentación é, tamén, un acto político. Pero situar a transformación agroecolóxica só no espazo do consumo consciente pode ir en contra da súa protección como dereito e requisito biolóxico fundamental. A capitalización do campesiñado, xunto coa aparición e intensificación do uso de combustíbeis fósiles, son os causantes da escisión histórica entre dous realidades: a rural e a urbana.

Parece inxenuo pois, e incluso temerario, pensar que o mercado nos dará a solución ao problema que este mesmo crea. O «capital» protagonista da economía solidaria teñen que ser as nosas mans.

A agroecoloxía e a ESS só contribuirán á sustentabilidade –territorial, rexional e mundial– se son anticapitalistas, capaces de reconstruír un contrato social entre territorios baseado no compromiso, a solidariedade, a planificación e acción conxunta. Para que a unión da agroecoloxía e economía solidaria sexa un espazo real de transformación e apropiación social, hai que protexer de forma radical a dirección de abaixo cara arriba, e da periferia –ruralia– cara ao centro –urbano–.

L'Arada

A concreción na práctica cotiá de Coop57

Conxuntamente co movemento agroecolóxico dentro de Coop57, fóronse debuxando as solucións máis adecuadas ás necesidades concretas. E isto levou a traballar en diferentes ámbitos. A medida que se adquirían coñecementos, detectáronse unhas características diferenciais e compartidas nas entidades do sector primario, ás que se foron adaptando os criterios sociais e económicos de avaliación que aplica Coop57. **Se desde a cooperativa se quería apoiar o movemento agroecolóxico, había que escoitar as súas necesidades para adaptar as respostas.**

Así, desde o punto de vista social, realizáronse dúas accións relevantes para dar resposta. En primeiro lugar, e a raíz dunha serie de solicitudes desde proxectos agrogandeiros, aceptouse que Coop57 financiara proxectos en réxime de autónomos -até entón rexeitados. Os requisitos a cumprir inclúen que se desenvolva a actividade no marco da economía social e solidaria; que non poidan levar a cabo a súa actividade baixo outras formas xurídicas amparadas pola ESS; que acrediten a dimensión colectiva e o vínculo territorial do proxecto; así como achegar avais sociais a outras entidades que sexan socias de Coop57.



En segundo lugar, **a Comisión Social de Coop57 desenvolveu preguntas específicas no cuestionario social para avaliar con maior precisión** e fondura a entrada de novas socias de servizos, enfocado a proxectos do mundo rural e de actividades agrarias e gandeiras. Desde o punto de vista financeiro, tamén **se foron adaptando criterios para facilitar a viabilidade dos proxectos e a súa capacidade de investimento para crear e consolidar iniciativas do sector agroecolóxico.**

O primeiro concepto de base asumido por Coop57 é que algúns destes proxectos implican a asunción dun maior risco pola súa natureza porque a capacidade de achegar garantías mancomunadas é menor. Un maior risco tense que intentar compensar con outras medidas, que se engadiron á práctica financeira da cooperativa.

A partir da experiencia e o diálogo constante, aprendeuse que os préstamos tamén teñen que respectar os ritmos da terra e que o seu rendemento ten un ritmo diferente aos outros investimentos. Así, estabelecéronse carencias longas ou excepcionais, e se acordaron períodos de retorno dos préstamos máis longos do habitual. Tamén se teñen en conta as variacións que poden provocar a afectación do clima e as condicións excepcionais do contorno nos préstamos. Todo isto orientado a aumentar as probabilidades de éxito e consolidación dos proxectos financiados.

Idària

Mirar polo retrovisor para seguir avanzando

A relación con proxectos do sector primario ven de lonxe e xa desde o principio, en Coop57 vinculáronse proxectos agroecolóxicos e de fomento do comercio xusto como a Rede de Consumo Solidario, Alternativa3 ou Espanica.

Tamén desde o inicio, Coop57 apoiou a loita dos xornaleiros, especialmente en Andalucía, para traballar a terra en condicións dignas. Son exemplos emblemáticos o Sindicat d'Obrers del Camp, Marinaleda e, máis recentemente, La Zarza.

Mostran como as iniciativas de base e arraigadas no territorio transforman o contorno e as condicións de vida de moitas persoas. Coop57 segue mellorando os servizos financeiros, éticos e solidarios orientados ao mundo rural.

E isto permite contemplar novas realidades. Máis alá de todos os retos de futuro detectados no proxecto levado a cabo pola Fundación Coop57, recentemente concluíuse un debate en Catalunya sobre como valorar socialmente as cooperativas agrarias. Sobre todo, para encontrar confluencias entre esta realidade rural histórica e os principios da ESS e as finanzas éticas.

Por outro lado, comezouse a abrir a mirada cara ás Comunidades de Montes Veciñais en Galiza, unha ferramenta comunitaria e veciñal de xestión do contorno, cunha potencialidade enorme para construír un mundo rural agroecolóxico.

Tres Cadires

A Fundación Coop57 contribúe no Mundo Campesiño

A Fundación Coop57, conxuntamente con L'Arada e l'Escola de Pastors de Catalunya, lideraron o proxecto "Món Pagès - Terra Cooperativa" coa intención de achegar ferramentas e reflexións que permitan propulsar o armazón social da ESS e a agroecoloxía. Foi un exercicio de intercooperación, no que se configurou un equipo de traballo coas experiencias territoriais de Tres Cadires, l'Aresta, Raiels e Idària.

Analizáronse cinco "ecosistemas agroecolóxicos locais", dos que se identificaron unha serie de retos principais e unha compilación de propostas que achegan ferramentas de análise e reflexión:

- Fomentar un mellor coñecemento entre as prácticas agroecolóxicas e da ESS, e mellorar a comprensión territorial, rural e agraria.
- Corrixir un desequilibrio no acceso á información e aos recursos dos diferentes actores do agroecoloxismo.
- Fomentar o cooperativismo de traballo e emprender fórmulas que permitan a democratización das relacións de traballo.
- Garantir o acceso a redes de apoio e de intercooperación agroecolóxicas e da ESS, para o impulso de ecosistemas agroecolóxicos territoriais.
- Mellorar a accesibilidade e a capacidade de xestión a subvencións e, á vez, incidir para que as convocatorias públicas se adapten ás necesidades das iniciativas.
- Fortalecer as estruturas de xestión administrativa e financeira no interior dos proxectos agroecolóxicos.
- Mellorar o acceso ás finanzas éticas, a partir dunha mellora do coñecemento mutuo e a adaptación ás necesidades financeiras concretas.
- Dar visibilidade social e política ao ecosistema agroecolóxico.

É necesario que o agroecoloxismo e a ESS adopten unha mirada conxunta, flexíbel e xenerosa para incluír todas as realidades do mundo rural que hoxe non se senten interpeladas por estes movementos, pero que se poden aliñar cos seus principios e reivindicar a riqueza dos armazóns sociais vinculados ao campesiñado e á ESS. A pesar de que queda camiño por percorrer, o capital social existe, é diverso, e socialmente cada vez máis recoñecido.

Comisión Feminista Somos Todas

A participación política das zapatistas é inseparábel da terra

Desde hai case tres décadas, as comunidades Zapatistas construíron camiños de autonomía e deixaron pegada na maneira de organizármonos. Recordándonos que hai un mundo no que caben moitos mundos e que segue sendo posíbel, a pesar de todas as dificultades, se loitamos xuntas.

En outubro de 2020, as compañeiras zapatistas anunciaron que emprendían unha xira planetaria, sendo a primeira parada Europa. A avanzada, o **Escuadrón Zapatista 421**, desembarcou en Galiza en xuño de 2021. Após unha infinidade de trámites e obstáculos, a compañía zapatista aerotransportada **"La Extemporánea"** sae de Cidade de México con rumbo a Europa en setembro de 2021 para iniciar a "Viaxe pola vida". A xira propiciará espazos de diálogo e aprendizaxe mutuo, especialmente entre quen, na cotiandade das súas loitas, pon a vida no centro.

Desde a Comisión Feminista cremos necesario nutrírmonos doutras prácticas feministas que nos amplíen a mirada e, a partir de aquí, seguir afondando nas loitas propias. Por iso conversamos con Mariana Mora sobre as prácticas de autonomía das mulleres Zapatistas.

Profesora e investigadora do Centro de Investigacións e Estudios Superiores en Antropoloxía Social (CIESAS) na Cidade de México, Mora é *membra* da Rede de feminismos decoloniais e autora do libro "Política Kuxlejal". Acompañou durante moitos anos os procesos nas comunidades Zapatistas.

Autonomía e organización comunitaria das zapatistas

"Gustaríame comezar polos elementos cotiás que lle outorgan sentido á Autonomía". Desde hai décadas, as compañeiras zapatistas organízanse de maneira voluntaria e colectiva en colectivos de produción (horto, gando, artesanía...). Dous o tres veces á semana acoden ao espazo, desenvolven as súas actividades, falan entre elas e fórmanse politicamente. Das súas ventas xeran pequenos fondos colectivos tanto para responder ás necesidades delas e das súas familias (p. ex. gastos médicos), como para contribuír á mobilización política, festas ou actos conmemorativos nas súas comunidades. **A participación política das mulleres tzeltal, tzotzil, tojolabal e chol é inseparábel destes colectivos de produción:** dos actos de colleitar, sementar, coidar animais, etc. e dos seus fondos revolventes.

A partir das experiencias e capacidades que desenvolven, as mulleres zapatistas nestes colectivos adoitan comezar a asumir cargos ou responsabilidades políticas voluntarias nas súas comunidades, municipios autónomos ou no "caracol". Por exemplo, formando parte da Junta de Buen Gobierno. Co tempo moitas foron asumindo temas que adoitan caer más nas esferas masculinas: **reivindicando a propiedade da terra, máis á súa vez transforma o sentido da autonomía.**

A autonomía é o que permite garantir as condicións para a reprodución da vida social vinculada a un territorio. O que fan as mulleres nos colectivos –producindo e xerando ingresos– convértese nunha base colectiva, máis alá da estrutura familiar, inserida no tecido comunitario que vai asegurando estas condicións de reprodución social e de subsistencia digna. Forma parte do que sostén a vida-existencia colectiva.

Desde 1994, a autonomía permite unha recuperación e reconstitución do territorio maya, tzeltal, tojolabal, tzotzil e chol. Nos primeiros anos tiveron que recuperar a fertilidade da terra (desde a agroecoloxía, tal como está estipulado en todo o territorio), recuperar a memoria ancestral e intercambiar saberes con outras organizacións indíxenas e campesiñas.

O traballo das mulleres sobre as terras recuperadas contribúe a asegurar estas condicións de reprodución social do colectivo. Máis alá da súa participación en diferentes comisións de reparto agrario, educación, saúde, xustiza, etc. o seu traballo forma parte da columna vertebral da autonomía. **Unha achega da praxe política á autonomía, asegurando a reprodución do comunal.**

Durante a pandemia, as tarefas das mulleres, médicas tradicionais, comadroas e curandeiras foi fundamental. Os seus roles adquiriron un papel aínda máis relevante. **Quizais as respostas comunitarias fronte á pandemia permiten continuar resignificando este tipo de actividades que dan sostén na comunidade.**

Asemblea Xeral Ordinaria

As asembleas aprobaron a resposta de Coop57 á Covid-19

No primeiro semestre de 2021, as asembleas de Coop57 celebráronse en formatos diversos: presenciais, en liña ou semipresencial. Coa Asemblea Xeral Ordinaria do pasado 7 de xullo, completouse o período de encontros a principios do verán. Un total de oito asembleas, sete nas Seccións Territoriais e a última con representantes de cada territorio.

Durante as asembleas, presentáronse as contas do exercicio 2020 e a proposta de distribución dos resultados, cunha explicación detallada de como se adaptou a cooperativa á pandemia e ao seu impacto socioeconómico.

A conclusión máis importante que se pode extraer das contas anuais do exercicio é que, a pesar de todo e da excepcionalidade de 2020, tanto os ingresos coma os gastos mantivéronse nunhas magnitudes parecidas ás orzadas e puidéronse lograr os excedentes previstos. En canto ao balance, púidose dar continuidade aos últimos anos: mantense equilibrado e solvente para seguir afrontando os retos de futuro.

Isto significa que Coop57 continuou a súa actividade financeira, adaptándoa para dar resposta ás persoas e ás entidades socias, a pesar do contexto cambiante e incerto.

Todos os puntos de votación ratificáronse e a base social da cooperativa aprobou o traballo feito durante o ano 2020, os seus resultados, a distribución de excedentes e o estado financeiro de Coop57.

Nas asembleas, ademais, presentouse o traballo en marcha da **Comisión Feminista** e da **Fundación Coop57**. A Comisión Feminista organízase en rede desde as diferentes seccións, no ámbito da **formación con perspectiva de xénero** e da atención aos espazos de traballo produtivo-reprodutivo.

Respecto á fundación, iniciábase unha nova etapa xusto estreando o 2020. Traballouse para fortalecer a **captación de recursos**, o modelo de **gobernanza interna** e a **integración na estrutura da cooperativa**, e en particular deuse prioridade a ás liñas de **loita contra a exclusión social e a precariedade laboral**.

As asembleas foron diversas en canto a formato. Algunhas Seccións Territoriais, como por exemplo Asturies ou Aragón, optaron por facelas **presenciais e ao aire libre**. Por exemplo, no espazo do Bosque-Fungi asturiano. Outras fixéronse **cen por cen dixitais**, a través da plataforma 'Participa Coop57' e coa ferramenta Big Blue Button (ambas de *software* libre). En cambio, algunhas celebráronse en **formato mixto**: cun espazo de encontro presencial que cumprira as medidas de precaución sanitarias e unha retransmisión en directo que ofrecía a posibilidade de participación en liña.

Datos a 30 de xuño de 2021

Socias ordenadas por seccións territoriais e grupos promotores

Socias de servizos

	TOTAL	NOVAS ALTAS 1º semestre 2021
	1.036	43
Andalucía	88	6
Aragón	64	2
Asturies	21	2
Catalunya	658	22
Euskal Herria	41	4
Galiza	55	7
Madrid	93	0
Mallorca	5	0
País Valencià	11	0

Socias colaboradoras

	TOTAL	NOVAS ALTAS 1º semestre 2021
	4.686	218
Andalucía	324	14
Aragón	463	6
Asturies	71	1
Catalunya	3.027	135
Euskal Herria	179	21
Galiza	179	15
Madrid	461	13
Mallorca	34	2
País Valencià	109	11



Secciónes territoriais
Primeiro semestre 2021

O primeiro semestre de 2021 continúa moi marcado polos efectos da pandemia e a crise social e económica que provocou. Aínda así, Coop57 seguiu traballando para poder dar resposta desde todos os territorios ás socias da cooperativa. Concedéronse un total de 186 préstamos por un valor de case 10 millóns de euros. Igualmente, máis de 200 persoas e máis de 40 entidades sumáronse como socias da cooperativa.



coop57 Andalucía

324 SOCIAS COLABORADORAS

88 SOCIAS DE SERVIZOS

Neste primeiro semestre incorporáronse seis socias de servizos e catorce socias colaboradoras. O financiamento ascende a 430.000 euros, en nove préstamos. Así mesmo, concedéronse ou ampliáronse períodos de carencias para as entidades que sufriron o impacto da crise sanitaria e económica a raíz da pandemia da Covid-19.

Entre as novas socias de servizos destaca a incorporación de catro cooperativas agrícolas da vila sevillana de Marinaleda e, á súa vez, pertencentes á cooperativa Marinaleda, que xa é socia desde o ano 2015. Así, dous terzos das cooperativas do municipio son parte de Coop57.

Durante o primeiro semestre abriuse un novo punto de atención e información de Coop57 Andalucía en Córdoba, no Mercado Social La Tejedora, situado no centro da cidade. Coa súa posta en marcha, desde La Tejedora asúmense tarefas propias da actividade de Coop57, especialmente a dinamización e o aumento da base social.

coop57 Aragón

463 SOCIAS COLABORADORAS

64 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante a primeira metade do ano incorporáronse dúas socias de servizos, seis novas socias colaboradoras e concedéronse nove préstamos, por un valor total de 601.000 euros. Coop57 Aragón comezou o 2021 apoiando colectivos e entidades nas mobilizacións de denuncia dos recortes económicos á ESS do Ayuntamiento de Zaragoza. Tamén se participou no Encontro da Ecored e na campaña de Mercado Social Aragón "El consumo no es ocio".

No ámbito interno, fíxose unha formación coas Comisións Social e Técnica sobre novo préstamo de capitalización. Ademais, organizouse unha charla virtual para coñecer máis a fondo como traballa Coop57 os préstamos a proxectos de vivenda cooperativa en cesión de uso.

Pola Asemblea Xeral Ordinaria, fíxose un coloquio con entidades de diferentes sectores de actividade económica, para compartir a experiencia humana, social e económica da pandemia.

coop57 Asturies

71 SOCIAS COLABORADORAS

21 SOCIAS DE SERVIZOS

Durante o primeiro semestre do ano incorporáronse catro socias colaboradoras e dúas socias de servizos. Unha delas é a primeira cooperativa de enerxía renovábel de Cantabria que se uniu ao proxecto de Coop57 en Asturies demostrando unha vez máis que os movementos sociais se articulan desde a base para ampliar a incidencia para a transformación social.

Na actividade crediticia, concedeuse un préstamo por valor de 8.000 euros.

Coop57 Asturies organizou espazos para compartir ferramentas contra a exclusión social desde a Economía Solidaria e Transformadora. Ademais, seguindo unha liña de traballo histórica, a sección territorial implicouse no antimilitarismo. Finalmente, colaborouse coas redes sociais da economía solidaria asturiana para dar a coñecer o proxecto de finanzas éticas de Coop57.

Catalunya

3.170 SOCIAS COLABORADORAS

674 SOCIAS DE SERVIZOS

Na primeira metade do ano, incorporáronse vinte e dúas socias de servizos e cento corenta e oito socias colaboradoras á sección catalá. Respecto aos financiamentos aprobados, concedéronse 149 préstamos, por unha cifra total de 7.943.746,25 euros.

Este semestre participouse en diferentes actividades sobre cooperativas de vivenda en cesión de uso: a xornada "#COOFIN Financiamento da vivenda cooperativa", organizada por REAS Red e Sostre Cívic; a mesa redonda "Alternativas por la financiación de la vivienda social" dentro das 'Conversaciones Cooperativas' da COV El Prat; e a charla virtual "Garantizar el derecho a la vivienda recuperando su valor de uso e la comunidad", invitadas por Coop57 Aragón.

Tamén se coorganizou a sesión "Món Pagès, Terra Cooperativa", xunto á Fundación Coop57 e un abanico de socias de servizos do mundo rural catalán.

Euskal Herria

179 SOCIAS COLABORADORAS

41 SOCIAS DE SERVIZOS

Uníronse catro socias de servizos e vinte e unha socias colaboradoras a Koop57 Euskal Herria durante o primeiro semestre de 2021. No ámbito financeiro, concedéronse tres préstamos por un valor total de 155.000€.

Houbo cambios no equipo técnico: desde abril, Jone Etxeberria Agirre asumiu a presidencia de Koop57 e en maio, Jone Otxoa Saenz de Valluerca incorporouse á secretaría técnica, para substituír a Maider Lucas. Hai que destacar que cada vez son máis as mulleres que participan en Koop57 EH. Grazas, Maider polo traballo durante estes meses.

Púxose un pequeno gran de area ao cooperativismo palestino participante nun plan de cooperación: os membros de ACPPNafarroa intentarán explicar alá a maneira de traballar de Coop57. Tamén se participou nunha conferencia organizada por Alboan Fundazioa xunto a varias iniciativas de América do Sur e Mesoamérica, ademais de noutros encontros de interese para a economía transformadora.



Galiza

179 SOCIAS COLABORADORAS

55 SOCIAS DE SERVIZOS

No primeiro semestre de 2021 incorporáronse seis socias de servizos e dezaseis socias colaboradoras. O crecemento da base social durante o semestre foi dos máis altos que tivo o territorio nos últimos anos, tanto polo que respecta a entidades como en canto a persoas colaboradoras. Cada vez, o proxecto de Coop57 en Galiza vaise estendendo de maneira máis intensa.

Igualmente, a actividade económica tivo un bo ritmo posto que se concederon sete préstamos por valor de 326.500 euros. Igualmente, a recollida de aforro equiparouse practicamente ao total achegado durante o 2020.

Durante este período, participouse en dous asembleas –ordinaria e extraordinaria- de Coop57, tanto na Sección Territorial como nas xerais ás que se enviaron persoas delegadas.

Tamén se participou en dous encontros: o primeiro, organizado por Espazocoop, e o segundo por REAS Galiza.

Madrid

461 SOCIAS COLABORADORAS

93 SOCIAS DE SERVIZOS

De xaneiro a finais de xuño, sumáronse trece socias colaboradoras á sección. Concedéronse seis préstamos, por un valor total de 462.180 euros.

Retomáronse as reunións semipresenciais, como por exemplo a Asemblea Xeral Ordinaria celebrada no Supermercado Cooperativo La Osa.

Por outro lado, de novo Coop57 Madrid foi relatora nunha formación do Ayuntamiento de Madrid: a VII edición do Curso de Comercio Justo y Consumo Sostenible.

Tamén se participou na V edición do "Desayuno practica la igualdad, marca la diferencia", que organiza CEPAIM.

Finalmente, co MES Madrid e ESF organizouse o segundo encontro "Abrindo melóns na ESS", dirixido a conversar sobre os medos e os obstáculos para acceder a un financiamento ética.

Primeiro semestre 2021
Novas socias de servizos e novos préstamos

NOVAS **43** ENTIDADES

NOVOS **186** PRÉSTAMOS

ANDALUCÍA

6 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

9 NOVOS PRÉSTAMOS

430.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

58.000 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

125.000 € EN PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

70.000 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

52.000 € EN PRÉSTAMOS DE LOCAIS

125.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Asociación Traperos de Huelva | Almenara Equipamientos, SLL | Las Marianas, S. Coop. And. | Leitmotiv, S. Coop. And.

ASOCIACIÓN INTERCULTURAL LIFE — NOVA

52.000 € Préstamo de locais

Asociación granadina dedicada á educación formal e non formal coa mocidade en situación de vulnerabilidade e dificultades de aprendizaxe. O préstamo financia a adquisición dun local, futuro espazo de encontro comunitario e das actividades pola entidade.

CAMILO CIENFUEGOS, SCA — NOVA

Cooperativa agraria da vila de Marinaleda que forma parte de a cooperativa de segundo grao Marinaleda. Quere crear ocupación a través do traballo da terra.

LOS COMPAÑEROS, SCA — NOVA

Cooperativa agraria da vila de Marinaleda que forma parte da cooperativa de segundo grao Marinaleda. Quere crear ocupación a través do traballo da terra.

TIERRA, TRABAJO Y LIBERTAD, SCA — NOVA

Cooperativa agraria da vila de Marinaleda que forma parte da cooperativa de segundo grao Marinaleda. Quere crear ocupación a través do traballo da terra.

DOMINGOS ROJOS, SCA — NOVA

Cooperativa agraria da vila de Marinaleda que forma parte da cooperativa de segundo grao Marinaleda. Quere crear ocupación a través do traballo da terra.

ASOCIACIÓN PRODIVERSA — NOVA

Asociación malagueña comprometida coa transformación social, que quere garantir a igualdade, a xustiza social e o fomento dos dereitos económicos, sociais e políticos.

COOPERACTIVA, SCA

125.0000 € Préstamo de tesouraría

Empresa recuperada en formato cooperativo por un grupo de traballadoras despedidas após unha folga. Xestiona a piscina municipal de Puerto Real, en Cádiz. O préstamo financia as tensións de tesouraría xeradas polo impacto económico da pandemia da Covid-19.

CHUITOS ESCUELA INFANTIL

40.000 € Préstamo de investimento

Centro de educación infantil cooperativo de Córdoba. O seu obxectivo social é dotar o alumnado dunha educación plena na primeira infancia. O préstamo financia a adecuación das instalacións da escola.

ATRAPASUEÑOS, SCA

18.000 € Préstamo de investimento

Espazo editorial independente en Sevilla que acompaña os movementos sociais e a cultura popular, para avanzar en miradas futuras sobre a sociedade e a súa cidadanía. O préstamo financia a produción e realización dunha película.

ACOMPANYA SERVICIOS PARA LA INSERCIÓN

70.000 € Adianto de subvención

Proxecto social malagueño de ocupación de calidade que procura a autonomía en persoas que se encontran en situación de exclusión ou risco de exclusión. Ofrece servizos de *catering*, limpeza e mantemento. O préstamo avanza unha subvención por proxectos de inserción social.

ARAGÓN

2 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

9 NOVOS PRÉSTAMOS

601.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

601.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Recreando Estudio Creativo, S. Coop. | 2AVIA Acompañamiento Terapéutico, S. Coop. | Gusantina Asociación Socioeducativa | Punto de Apoyo, S. Coop. | ASDECOBA | Asociación de Promoción Gitana Zaragoza | Consejo de la Juventud de Zaragoza | ADECASAL | Federación de Asociaciones de Barrios de Zaragoza

ARAINFO (13 PAROLAS ROYAS S. COOP.) — NOVA

Diario cooperativo de Aragón, fundado en 2010 e vinculado desde hai tempo a Coop57, que traballa pola soberanía da comunicación desde a economía feminista e solidaria.

SOMOS CUIDADOS COMUNES — NOVA

Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso en Zaragoza, co obxectivo de facer un proxecto común onde vivir e envellecer con dignidade e calidade de vida.

ASTURIES

2 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

1 NOVO PRÉSTAMO

8.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

8.000 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

SOLABRIA, S. COOP — NOVA

A primeira cooperativa de enerxías renovábeis en Cantabria, creada o ano 2013. Quere contribuír a un modelo enerxético democrático, social, distribuído e sustentábel.

9.971.426 €
EN PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

ASOCIACIÓN LUAR
NOVA

Asociación con sede social en Oviedo que se crea en 2015 para traballar coa mocidade de 18 a 35 anos en situación de exclusión, acompañándoos nos seus procesos de incorporación social.

ASOCIACION DE DINAMIZACIÓN COMUNITARIA "EL TELAR"

8.000 € Adianto de subvención

Entidade de Xixón que traballa para fomentar e reforzar o sentimento de comunidade. Xera espazos de formación e reflexión, e fai actividades de animación cultural, ocio e convivencia. O préstamo avanza unha subvención para desenvolver un espazo de aprendizaxe comunitario.

CATALUNYA

22 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

147 NOVOS PRÉSTAMOS

7.853.746 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

227.246 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

608.557 € EN PRÉSTAMOS DE TESOURARÍA

1.775.747 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS

36.000 € EN ENDOSO DE FACTURAS

700.930 € EN PRÉSTAMOS DE VIVENDA

1.317.000 € EN PRÉSTAMOS DE LOCAIS

198.705 € EN PRÉSTAMOS DE CAPITALIZACIÓN

44.000 € EN PRÉSTAMOS DE ENERXÍA

2.945.560 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Acadèmia Catalana de la Música | Associació de Cardiopaties Congènites | Associació Juvenil Esquitx de Sabadell | Associació Socioeducativa Nousol | Bicihub | Bosquerols SCCL | Candela, Acció Comunitària i Feminista SCCL | Col·Lectiu Punt6 SCCL | Consell D'associacions de Barcelona | Consell de la Joventut de Barcelona | Diomcoop SCCL | Foresterra SCCL | El Timbal SCCL | Energia per la Igualtat SCCL | Equilatera Cooperativa SCCL | Espai Ambiental SCCL | Factoria F5 | FCCUC | Federació Transforma Porta | Fundació Àmbit Prevenció | Fundació Contorno Urbano | Fundació Pere Mitjans | Fundació Privada Tres Turons | Fundació Tot Raval | Fundació Xarxa | Gats | Grup D'esplai la Fàbrica de Can Tusell | Grup Ecos SCCL | Iacta Sociojuridica SCCLP | Idària SCCL | Insercoop SCCL | L'altre Festival | La Sargantana Dalt De La Vila SCCL | La Selva. Ecosistema Creatiu SCCL | La Tremenda, SCCL | Lleure Qualia SCCL | Macuscoop SCCL | Nou Set SCCL | Obrint Cultura | Plàudite Teatre | Prohabitatge | Quepo SCCL | Raons Públiques SCCL | Remahlik SCCL | Societat Orgànica +10 SCCL | Som Confort Solar SCCL | Sos Racisme | Sprintcoop SCCL | Stop Sida | Suno. Enginyeria de Serveis Energètics SCCLP | Surtdecasa SCCL | Tres65 SCCL

CONSTRUÏM LA LLANÇADORA, SCCL
NOVA

Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso que traballa para construír un proxecto de vivenda accesíbel, igualitario, flexíbel e ecoloxicamente sustentábel.

LA MORADA COOPERATIVA FEMINISTA D'HABITATGE, SCCL

La Morada é unha cooperativa de vivenda formada por lesbianas, persoas trans e mulleres de diferentes idades procedentes do movemento feminista e transfeminista da cidade de Barcelona.

CREARSA, SCCL
NOVA

Creación de Responsabilidad Social Audiovisual é unha cooperativa do sector audiovisual de base humanista, nacida nas aulas da Escola Superior de Cinema i Audiovisuals de Catalunya (ESCAC).

CASA DE LA MÚSICA DE MANRESA
NOVA

Iniciativa de xestión cultural, dedicada á formación, a creación, a exhibición e a difusión da música popular. Quere transformar a realidade musical da cidade e a súa contorna.

FUSTERIA CAN BATLLÓ
NOVA

Cooperativa situada no recinto de Can Batlló de Barcelona que desenvolve todo tipo de traballos en madeira e derivados desde os principios da economía solidaria e o arraigo territorial.

ARTIGA COOP
NOVA

Supermercado cooperativo situado en La Garrotxa. Quere ser un espazo de encontro cooperativo para impulsar unha transformación social a través da alimentación agroecolóxica.

EQUILATERA COOPERATIVA, SCCL
NOVA

Cooperativa formada por un equipo de profesionais procedentes das ciencias sociais, das ciencias da saúde e do dereito, que traballa para a implementación do principio de igualdade de oportunidades e a equidade de xénero ao ámbito das organizacións.

COOPERATIVA PERIFERIA CIMARRONAS
NOVA

40.000 € Préstamo de investimento

Espazo barcelonés onde se leva a cabo un amplo abano de acontecementos culturais desde unha perspectiva afrofeminista e antirracista, entendendo a cultura como unha ferramenta de transformación social. O préstamo financia as obras de adecuación do local da cooperativa.

LA BODEGUETA DE SALT, SCCL
NOVA

Espazo gastronómico e cultural de Salt, tinguido polos valores de sustentabilidade, o consumo responsábel e a economía solidaria que reúne a cultura gastronómica, a cultura artística e a cultura económica.

LA CIRCULAR GARRIGUENCA
NOVA

35.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa situada na Garriga dedicada á venda de produtos agroecolóxicos de proximidade que fomenta o consumo consciente. O préstamo dota de liquidez a entidade.

BICIHUB
NOVA

Centro de referencia do mundo da bicicleta en Barcelona. Fomenta a mobilidade inclusiva, sustentábel, feminista e da ESS a través do modelo cooperativo e do tecido social.

ASSOCIACIÓ ALMAS VEGANAS
NOVA

212.000 € Préstamo de locais

Santuario animal na comarca de La Selva, dedicado ao rescate e coidado de animais, a promoción do veganismo, o antiespecismo e o transfeminismo. O préstamo financia a adquisición da finca onde desenvolve a actividade.

LA SÀRRIA ECODISTRIBUCIÓ, SCCL NOVA

30.000 € Préstamo de investimento

Cooperativa situada en Sabadell que se dedica á distribución de mercancías mediante bicicletas de carga fomentando a sustentabilidade e a inclusión sociolaboral. O préstamo financia o investimento en bicicletas e posta en marcha do proxecto.

FUNDACIÓ CALALA FONDO DE MUJERES NOVA

Fundación localizada en Barcelona, que promove os dereitos e o liderado das mulleres en Latinoamérica e o Caribe e no estado español, mediante o fortalecemento das súas organizacións, redes e movementos.

VELVET BCN, SCCL NOVA

Tenda de moda ética e sustentábel de Barcelona. Comercializan roupa ecolóxica e de comercio xusto con certificados que garanten condicións dignas de traballo e respectan o medio.

COOPERATIVA LA RAÍZ, SCCL NOVA

21.000 € Préstamo de investimento

Bar cooperativo xusto e solidario que promove os valores da economía social e solidaria, situado no barrio de Poble-Sec de Barcelona. O préstamo financia a adquisición da licenza de restauración para desenvolver a actividade cooperativa.

FUNDACIÓ CONTORNO URBANO NOVA

Fundación de L'Hospitalet de Llobregat vinculada á arte no espazo público, a educación e a creatividade urbana. A entidade quere mellorar a calidade de vida das persoas promovendo a participación social para intervir no espazo público.

FUNDACIÓ PERE MITJANS NOVA

Creada en 1988 en Barcelona para apoiar as persoas en situación de discapacidade para que poidan desenvolver o seu proxecto de vida da maneira máis independente posíbel.

SAÓ PRAT, EMPRESA D'INSERCIÓ NOVA

Entidade socioeducativa que nace en 2004 en Prat de Llobregat para acompañar nenos, a mocidade e as súas familias, en situación de vulnerabilidade social.

YOGACOOP, SCCL NOVA

Cooperativa que agrupa un espazo de ioga – Yogaia-, unha escola de formación –Yogaiaescuela– e unha tenda, física e virtual, de artigos especializados –Yogaiastore–.

CASTELLERS DE SANT CUGAT NOVA

Entidade creada en 1996 e plenamente consolidada dentro do tecido asociativo de Sant Cugat. Reúne unhas duascentas persoas. Ten como obxectivo facer dos castelos unha tradición arraigada no municipio.

CAN PARERA DE CANYES, SCCL NOVA

Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso na Masia Can Parera en Sant Pere de Vilamajor, en Vallès Oriental. Quere desenvolver unha forma de vida comunitaria, sustentábel e integrada na contorna.

FUNDACIÓ PRIVADA INTEGRA PIRINEUS

30.000 € Préstamo de investimento

Entidade do Alt Urgell que contribúe á inserción sociolaboral a través de proxectos de xestión forestal. O préstamo financia a adquisición dun tractor e unha trituradora forestal polo desenvolvemento da súa actividade.

ASSOCIACIÓ ADIFOLK

13.200 € Préstamo de tesouraría

Asociación formada por persoas vinculadas estreitamente ao mundo do folclore e a cultura popular catalá. O préstamo financia a reestruturación financeira da entidade agraviada pola pandemia Covid-19.

FEDERACIÓ D'ENTITATS CALÀBRIA 66

20.357 € Préstamo de tesouraría

Espazo comunitario e veciñal do barrio de Sant Antoni, que promove actividades sociais, culturais e educativas. O préstamo dota de liquidez á entidade polo desenvolvemento da súa actividade.

FOLGADO PISCINES, SCCL

30.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa dedicada ao mantemento de piscinas, a remodelación de instalacións e reparación de maquinaria. O préstamo dota de liquidez á entidade e facilítalle a compra de materiais.

EDUVIC, SCCL

500.000 € Préstamo de tesouraría

198.705 € **en 50** préstamos de capitalización

Empresa cooperativa social sen ánimo de lucro, con máis de 20 anos de experiencia e especializada na infancia, adolescencia, xuventude e familias. O préstamo facilita a reestruturación financeira da entidade a causa da Covid-19.

RECURSOS D'ANIMACIÓ INTERCULTURAL

10.000 € Préstamo de tesouraría

Asociación asemblearia e independente que funciona como plataforma de proxectos para a transformación social, cultural e educativa. O préstamo dota de liquidez á entidade polo desenvolvemento da súa actividade.

MISSATGERS TRÈVOL, SCCL

5.000 € Préstamo de tesouraría

Cooperativa que traballa, desde unha visión sustentábel e de inclusión social, nos ámbitos da mensaxaría e a limpeza. O préstamo financia a adquisición de bicicletas de carga.

LLEURE QUALIA, SCCL

36.000 € Endoso de facturas

Cooperativa de traballo asociado especializada no ámbito da educación en valores a través do ocio e a educación. O préstamo financia as facturas emitidas na Generalitat de Catalunya para a xestión, organización e realización dos campos de traballo.

BICICLOT, SCCL

12.700 € Préstamo de investimento

Cooperativa de traballo que promove a bicicleta como medio de transporte ecolóxico, económico, saudábel e por unha mobilidade sustentábel. O préstamo financia a compra de tres estruturas de bicicargas.

CAL ROIO, SCP

80.000 € Préstamo de investimento

Cal Roio é unha finca gandeira ecolóxica que cría polos e becerros ecolóxicos e que reivindica a actividade gandeira como elemento estruturador do territorio. O préstamo financia a ampliación da produción avícola e vacinas, así como as melloras das instalacións.

SOMESQUEIX SOCIAL

8.546 € Préstamo de investimento

Asociación sen ánimo de lucro que recupera terras abandonadas para promover a agricultura ecolóxica e dar oportunidades de formación e inserción laboral. O préstamo amplía un anterior que adecúa e o terreo e compra de materiais para a actividade dunha finca.

CALAFOU, SCCL

189.000 € Préstamo de investimento

Proxecto cooperativo que nace en 2011 co obxectivo de xerar alternativas produtivas, tecnolóxicas e de vivenda que sexan sustentábeis e respectuosas co medio. O préstamo amplía un anterior que adecúa o terreo e cubre a compra de materiais para a actividade dunha finca.

LLAR JOVE - MARINA DEL PRAT VERMELL, SCCL

180.000 € Préstamo de locais

Cooperativa de vivenda en réxime de cesión de uso nun solar municipal cedido mediante concurso público polo Ajuntament de Barcelona. O préstamo financia as obras de promoción e adecuación dos locais comunitarios.

VIURE JUNTES, SCCL

700.930 € en 2 préstamos de vivenda

Cooperativa de consumidoras e usuarias que pretende cubrir as necesidades das súas socias, en todos os ámbitos, incluído a vivenda. O préstamo financia a rehabilitación dunha finca rústica situada na comarca da Anoia.

GERARD BATALLA

96.000 € Préstamo de vivenda

Proxecto autónomo dedicado ao campesiñado ecolóxico e á conservación de variedades antigas "Culturas Encontradas". O préstamo financia a adquisición dunhas fincas rústicas e as obras de reforma para facer un obradoiro de envasado.

IES ESCOLA SANT JORDI

640.000 € Préstamo de locais

Cooperativa de ensino situada en Vilassar de Dalt, de carácter popular, sen afán de lucro e aberta a todo o mundo. O préstamo financia a rehabilitación do edificio da escola.

ASSOCIACIÓ SEBA

44.000 € Préstamo de locais

Entidade dedicada á instalación e xestión de sistemas fotovoltaicos. Nace da necesidade de asesorar as usuarias de programas de electrificación rural con enerxía solar. O préstamo financia a renovación das instalacións fotovoltaicas de dous refuxios de montaña da FEEEC.

EUSKAL HERRIA

4 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

3 NOVOS PRÉSTAMOS

155.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

155.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Asaken, S. Coop. | Hiritik At Koop. Elk.Txikia | Ideien Faktoria

LZB ARKITEKTOAK, KOOPERATIBA

NOVA

Estudio de arquitectura en Guipuzkoa que traballa en proxectos de obra nova e rehabilitación, poñendo atención nas consecuencias da arquitectura, a sociedade e o medio.

IDEIEN FAKTORIA, KOOPERATIBA

NOVA

Cooperativa de Donostia, creada en 2015, que combina servizos de comunicación con producións audiovisuais propias poñendo especial énfase na renovación do sector en euskera.

SKURA MOBILE, KOOPERATIBA

NOVA

Skura mobile é unha cooperativa situada en Arrasate, que desenvolve aplicacións personalizadas para *smartphones*.

KATAKRAK

NOVA

Espazo social en Iruña que consta dunha libraría, unha cantina, unha editorial e un espazo para acontecementos que traballa desde unha perspectiva cooperativa e de articulación de entidades e movementos sociais.

1.775.747 € EN AVANCE DE SUBVENCIÓNS EN CATALUNYA

ASSOCIACIÓ TAULA EIX PERE IV	20.000,00 €	Ajuntament de Barcelona	Xestión cívica de equipamentos
FORMACIÓ I TREBALL	400.000,00 €	Generalitat de Catalunya	Inserción sociolaboral
ROBA AMIGA, EMPRESA D'INSERCIÓ	250.000,00 €	Generalitat de Catalunya	Inserción sociolaboral
L'ECONOMAT, SCCL	415.800,00 €	Generalitat de Catalunya	Ateneu Cooperatiu de Camp de Tarragona
XARXA D'ECONOMIA SOLIDÀRIA	90.000,00 €	Generalitat de Catalunya	Desenvolvemento da ESS en Catalunya
PASSARVIA, EMPRESA D'INSERCIÓ	90.394,29 €	Generalitat de Catalunya	Acompañamento a persoas en risco de exclusión social
CREARSA, SCCL	11.260 €	Generalitat de Catalunya	Fomento da economía social
ASSOCIACIÓ FESTIVAL PROTESTA	4.000 €	Diputació de Barcelona	Festival Protesta 2020
PRODUCCIONS SAURINES, SCCL	8.500 €	Diputació de Tarragona	Documental social
FEDERACIÓ D'ENTITATS CALÀBRIA 66	16.000 €	Ajuntament de Barcelona	Xestión Veciñal de espazos sociais
L'OLIVERA, SCCL	85.000 €	Ajuntament de Barcelona	Agricultura sustentábel
ASSOCIACIÓ ALBA	15.000 €	Generalitat de Catalunya	Inserción Social
ASSOCIACIÓ ADEFFA	45.000 €	Generalitat de Catalunya	Conservación do patrimonio natural
CENTRE CULTURA DONES FRANCESCA BONNEMAISON	20.000 €	Inst. Cultura de Barcelona	Fomento de novas creadoras audiovisuais
ESPAI BROTES, SCCL	15.000 €	Aj. L'Hospitalet de Llobregat	Acompañamento a familias
RECURSOS D'ANIMACIÓ INTERCULTURAL	14.000 €	Ajuntament de Barcelona	Dereitos Sociais
CASAL LAMBDA	14.000 €	Ajuntament de Barcelona	Dereitos Sociais
AMPA ESCOLA JOAQUIM RUYRA	80.000 €	Aj. L'Hospitalet de Llobregat	Escola de Vida
ASPASIM	73.893 €	Generalitat de Catalunya	Terapia Ocupacional e Fogares Residenciais
SAÓ PRAT, EMPRESA D'INSERCIÓ	35.000 €	CEPES	Inserción laboral
ASSOCIACIÓ GENERA	48.900 €	Ajuntament de Barcelona	Dereitos sociais e laborais das traballadoras sexuais
CENTRO CULTURAL GITANO LA MINA	45.000 €	Generalitat de Catalunya	Cultura Xitana

GALIZA

7 NOVAS SOCIAS DE SERVIZOS

9 NOVOS PRÉSTAMOS

371.500 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

88.000 € EN ADIANTO DE SUBVENCIÓNS

9.500 € EN PRÉSTAMOS DE CAPITALIZACIÓN

274.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: 7H S. Coop. Galega | Cidadanía Rede de Aplicacions Sociais, S. Coop. Galega | Espazocoop, Unión de Cooperativas | O Cable Inglés S. Coop. Galega | Numax S. Coop. Galega | Aventeira S. Coop. Galega

VACALOURAS, S. COOP. GALEGA

NOVA

4.750 € en 2 préstamos de capitalización

Cooperativa de traballo en Pontedeume (A Coruña), que se dedica ao comercio polo miúdo de alimentación, cosmética e produto local. Tamén realiza servizos artísticos de audiovisuais, deseño gráfico ou ilustración. O préstamo axuda á capitalización e fortalecemento da cooperativa.

FUNDACIÓ EOMAIA

NOVA

Fundación situada en Santiago de Compostela que realiza acompañamento en varias etapas vitais. Quere crear redes de colaboración e espazos de comunicación entre persoas.

FUNDACIÓ UXÍO NOVONEYRA

NOVA

Situada en Lugo, é unha fundación creada para a conservación do legado do poeta Uxío Novoneyra, así como a promoción de actividades de estudio e investigación no campo da literatura, especialmente a poesía.

GEOMATICO, S. COOP. GALEGA

NOVA

Cooperativa de Vigo especializada na análise e publicación de información xeográfica. Traballa desde a colaboración, o coñecemento libre e a transparencia, e producen código aberto.

COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE TAMEIGA

NOVA

Un monte veciñal é unha figura de propiedade veciñal e colectiva que xestiona o aproveitamento dos montes e os seus recursos para a mellora das condicións dos seus membros.

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA XESTIÓN CULTURAL

NOVA

A asociación nace en 2008 como espazo de encontro e reflexión, así como unha plataforma de representación, xestión, asesoramento e defensa dos intereses profesionais dos técnicos e xestores culturais.

CAMBAVET, S. COOP. GALEGA

NOVA

Cooperativa que desenvolve unha actividade de clínica veterinaria chamada "O meu vet", situada en Cambados, Pontevedra.

ASOCIACIÓN ARRAIANAS

NOVA

88.000 € Adianto de subvención

Asociación de Santiago de Compostela que traballa pola xustiza social e os dereitos humanos, con especial atención a colectivos migrantes e a mulleres. O préstamo avanza a subvención concedida pola Consellaría de Política Social da Xunta de Galiza para desenvolver a actividade da entidade.

MADRID

6 NOVOS PRÉSTAMOS

462.180 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

252.180 € EN ENDOSO DE FACTURAS

210.000 € EN PÓLIZAS DE CRÉDITO

PÓLIZAS DE CRÉDITO A: Red Jurídica Soc. Coop. Mad. | Asociación Carampa | Fundación Entretantos | Seminario de Literatura Infantil y Juvenil de Guadalajara

ASOCIACIÓN TRABE

200.000 € Endoso de facturas

A asociación nace en 2005 co compromiso de contribuír ao cambio social mediante a sensibilización e a intervención social desde unha perspectiva de xénero. O préstamo avanza as facturas emitidas no Ayuntamiento de Madrid polo desenvolvemento da actividade da entidade.

DINAMIA, S. COOP. MAD

52.180 € Endoso de facturas

Cooperativa dedicada á consultaría social que traballa desde unha mirada solidaria e transformadora. O préstamo avanza as facturas emitidas no Ayuntamiento de Madrid polo desenvolvemento da actividade da entidade.

MALLORCA

1 NOVO PRÉSTAMO

50.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

50.000 € EN PRÉSTAMOS DE INVESTIMENTO

PRODUCCIÓ DE DERIVATS DEL CACAU, S. MICROCOOP. (MAÜA)

50.000 € Préstamo de investimento

Maüa é unha mestura de culturas de Mallorca e Nicaragua que se expresa a través da elaboración de chocolate artesán e derivados do cacao. O préstamo financia a maquinaria e a adecuación do obradoiro.

PAÍS VALENCIÀ

1 NOVO PRÉSTAMO

40.000 € TOTAL DE NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS

40.000 € EN ADIANTO DE SUBVENCIÓNS

ASOCIACIÓN KOLECTIVO JOVENES PARKE

40.000 € Adianto de subvención

Proxecto comunitario que, desde 1985, reúne un conxunto de entidades sociais de Parc Alcosa, barrio do municipio de Alfafar como unha ferramenta colectiva en defensa dos dereitos das persoas que se encontran en situación de vulnerabilidade. O préstamo avanza o importe da subvención concedida pola Generalitat Valenciana.

Datos a 30 de xuño de 2021

Saldo das achegas



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021*
Fondos propios	1.943.641	2.115.729	2.304.395	2.494.602	2.689.405	2.856.124	2.926.307
Fondos de garantías de préstamos	154.608	205.332	255.716	296.463	368.863	423.628	429.733
Achegas voluntarias socias de servizos e colaboradoras	28.230.851	30.641.020	32.942.060	35.434.833	39.039.530	43.677.587	46.273.832
TOTAL	**30.331.114**	**32.962.080**	**35.502.171**	**38.225.898**	**42.097.797**	**46.957.339**	**49.629.872**

*1º semestre

Préstamos concedidos



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021*
Préstamos de investimento a curto e longo prazo	1.867.400	3.006.230	3.059.053	3.185.062	3.292.066	3.812.126	335.247
Préstamos de vivenda e locais de entidades	-	-	2.391.000	1.180.000	1.706.118	1.546.000	2.069.930
Pólizas de crédito e préstamos de tesouraría	1.052.570	931.030	1.988.428	4.628.094	6.121.200	7.349.915	5.044.117
Avances de financiamento	5.140.840	4.689.008	5.356.365	5.258.494	8.190.002	3.744.940	2.269.927
Préstamos de capitalización	606.300	265.000	526.000	318.360	38.000	97.664	208.205
Préstamos de enerxía	0	0	0	0	0	1.018.262	44.000
TOTAL NOVOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS	**8.667.110**	**8.891.267**	**13.320.846**	**14.570.010**	**19.347.387**	**17.568.907**	**9.971.426**
SALDO VIVO PRÉSTAMOS	11.602.568	13.199.144	16.633.159	19.256.271	21.773.691	25.370.095	24.557.561

*1º semestre

FUNDACIÓN
FUNDACIÓ
FUNDAZIOA
FUNDACIÓN
coop57

A Fundación Coop57 continúa facendo camiño

No primeiro semestre de 2021, a Fundación Coop57 continuou o camiño da nova etapa. Dúas campañas -#ElLleureÉsUnDret y #GiraZapatistaCAT- foron as protagonistas das accións máis visíbeis. Á vez, continuouse un proxecto en intercooperación sobre os ecosistemas agroecolóxicos locais do mundo rural catalán. Por outro lado, executáronse as primeiras fases da quinta edición do Germinador Social.

Garantir o dereito ao ocio da infancia

Parte da actividad da fundación centrouse en dúas campañas de micromecenado. A raíz do estalido da pandemia, nun dos momentos máis duros, durante o verán de 2020 a Aula d'Idiomes, en colaboración coa Escoleta Popular de La Bordeta e o Grup d'Habitatge de Sants (GHAS) puxeron en marcha un casal popular de verán dirixido a nenos e nenas de Sants que se atopan nun contexto de exclusión social. A resposta popular permitiulles a varios fogares ter acceso a unha opción de ocio para os seus fillos e fillas no mes de xullo.

Este ano, as tres impulsoras do proxecto propoñen repetir a experiencia. Por iso, conxuntamente coa Fundación Coop57 ponse en marcha a campaña **#ElLleureÉsUnDret** co obxectivo de recoller 3.500 euros que cubran os gastos dunha nova edición destes casais rebeldes e populares no barrio de Sants, mellorando as condicións tanto para os menores como para as adultas que se fan cargo. O micromecenado foi exitoso e conseguiuse sumar máis de 3.658€, coa solidariedade dun centenar de persoas.

Unha ponte entre Chiapas e Catalunya

A visita zapatista ao continente europeo é un fito histórico, polo que a Fundación Coop57 en colaboración coa Asemblea de col·lectives i persones de Catalunya per la coordinació de la Gira Per la Vida 2021, impulsaron a campaña **#GiraZapatistaCAT**. O obxectivo era tan simple como ambicioso: recoller unha caixa económica para cubrir parte dos gastos de loxística e a acollida das zapatistas.

A resposta foi boa e recolleron 22.403,98 euros, repartidos en 320 doazóns individuais e colectivas. Para a Fundación Coop57 foi un honor poñer un pequeno gran de area que axude a facer posíbel a Gira Zapatista europea Por la Vida na súa visita en terras catalás.

Na xira, os, as e *oas* zapatistas terán a oportunidade de encontrarse politicamente con loitas sociais de todo tipo, de compartir experiencias e de coñecer as realidades locais de cada territorio europeo que visiten. Esta viaxe á inversa –posto que, desde hai trinta anos as zapatistas foron anfitrioas de miles de persoas atraídas pola revolución comunal mexicana– é un exercicio de memoria, reparación e construción de vínculos.

Proxectos que continúan

Tamén se reactivaron o **Germinador Social**, o concurso de innovación para a transición enerxética que chega á 5ª edición. Pechouse en xuño coa presentación duns trinta proxectos ao certame, que serán validados polo equipo promotor do concurso: Som Energia, Coop57 e a Fundación Coop57. Unha vez seleccionados, abrirase a fase de votacións populares a mediados de setembro. Por primeira vez, a decisión dos premios recaerá exclusivamente nas votacións populares.

Finalmente, cristalizou unha iniciativa posta en marcha en 2020: trátase do proxecto "Món Pagès, Terra Cooperativa", enmarcado na liña de traballo de revitalización do mundo rural. É unha diagnose participada e unha compilación de propostas que achegan ferramentas de análise e reflexións para tecer unha mirada comparativa dos diferentes ecosistemas agroecolóxicos cataláns. É un proxecto conxunto da Fundación Coop57, L'Arada, Rurbans, Raiels, L'Aresta, Idària, Tres Cadires e co apoio da Federació de Cooperatives de Treball de Catalunya. A proposta ten na axenda unha sesión aberta prevista para o próximo mes de xullo, onde se presentarán os resultados.

"A terra non é unha herdanza dos nosos antepasados, senón un préstamo das xeracións futuras."

[proverbio nativo norteamericano]

coop57 SCCL
servizos financeiros éticos e solidarios